

M^a HELENA ZAPICO BARBEITO

Comunicación e maiores

Unha reflexión calidoscópica para un universo calidoscópico

*Communication & Old People
A Kaleidoscopic Reflection on a Kaleidoscopic Universe*

Resumo: Temos ante nós un esixente desafío: revalorizar, redefinir, reconceptualizar e dignificar a realidade da vellez na nosa sociedade. Coído que, lonxe de tratarse dun reto sinxelo, demandaría unha resposta áxil, rigorosa e global, baseada -cando menos- en catro grandes piares: os medios de comunicación de moi diversa índole, entidade e esencia, que deberían mudar a imaxe, nivel de presenza e protagonismo da vellez nas súas páxinas, no seu seo; o universo académico e da investigación, para o que esta temática alberga e suscita un fondo e crecente interese científico, sendo preciso contar con estudos renovados e de fervente actualidade; o universo educativo, entendido dende unha perspectiva holística, incorporando o respecto e revalorización interxeracional como tema transversal clave no ensino e potenciando relacións interxeracionais harmónicas e mutuamente enriquecedoras en tódolos contextos didácticos; e a propia sociedade no seu conxunto, que viría a erixirse como o macro-piar substancial, básico, da reconceptualización do envellecemento. De todos nós depende, en definitiva, que a vellez sexa socialmente dignificada e escoitada, nun proceso de co-responsabilización persoal, profesional e comunitaria sen precedentes.

Palabras-clave: comunicación; medios; concepción vellez; sociedade; desafíos.

Abstract: We are facing a great challenge: revaluing, redefining, reconceptualizing and dignifying aging in our society. I think that this is not an easy challenge. It would need a fast, rigorous and global answer based at least in four grounds: the media -that owe to change aging image and presence-, the academic world -that have an increasing scientific interest on thus subject and needs to produce newer studies-, the educational world -understood from an holistic point of view, that would have to introduce the respect on aged people as a transversal subject in education, favouring intergenerational relation- and the whole society -being a fundamental basis of the aging reconceptualization. It is all our business, definitely, to make that old people would be respected and listened. It would be an unprecedented personal, professional and community process.

Keywords: communication; media; concept of aging; society; challenges.

PRESENTACIÓN

Antes de dar comezo á miña intervención, quixera ofrecer unhas tenues pinceladas que axuden a contextualizar exiguamente a presente conferencia, o presente artigo. Son investigadora na Universidade de Santiago de Compostela, no marco do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Facultade de Ciencias da Educación, e levo estes últimos anos dedicada plenamente á investigación en torno ó rico e estimulante tandem que constitúen a Xerontoloxía e a Didáctica. Nese marco de indagación, estou moi especialmente imbuída no traballo ó redor das relacións interxeracionais, a integración da vellez no curriculum escolar e o estudio da imaxe que das persoas maiores ofrecen os libros de texto empregados nas aulas galegas. De feito, a miña tese de doutoramento versa ó redor da análise da imaxe que se reflicte da vellez nos materiais curriculares impresos de Galicia, tentando escudriñar o tipo de concepto de avellentamento que se está a transmitir ós nosos cativos e cativas dende o eido das escolas.

Mais dende logo, e con estas verbas iniciais, non quixera esquecerme de agradecer ós responsables deste Foro Internacional de Comunicación & Persoas Maiores a súa amable invitación a compartir este marco privilexiado. Coido que efectivamente estamos a testemuñar un labor difusor e construtor. Construtor dunha auténtica constelación de fluxos comunicativos e dialóxicos entre diferentes universos: o universo dos medios, o universo dos movementos asociativos de maiores e o universo académico. Estamos a rachar coas fronteiras que tradicionalmente distancian e illan este triduo. Estamos contribuíndo á xeración de estables vías de debate, intercambio, diálogo, cavilar conxunto, entre estes tres mundos. Sen dúbida, un labor encomiable e digno de necesaria consideración nos tempos que corren, nos que soe primar a división, a competencia e o enfrontamento, por riba da unión, as verbas e o consenso.

Eu veño, pois, en categoría de humilde representante do mundo académico e da senda que dende ese amplo contexto de produción científica estase a percorrer, a alimentar e estimular. Nese sentido concreto, e dende esa perspectiva específica, iremos mergullándonos nas augas profundas do tema que nos ocupa: a relación entre vellez, comunicación e medios. E velaquí que nos enfrontamos a unha cuestión sumamente complexa, ampla, heteroxénea, mesmo delicada... Un tema vasto e difícil de abranguer en escasos minutos, en sucintas páxinas. Por iso, tan só pretendo ofrecer algunhas exiguas pinceladas en torno a un universo, sen dúbida, moito máis extenso e de dimensións crecentes, estimulantes e prometedoras.

OS INTERROGANTES / A REALIDADE

Para ser honesta no meu discurso, debería expor e partir xa dalgunhas das miñas particulares premisas. A primeira: dado que proveño do universo educativo, a miña visión non poderá ser outra que a didáctica, a do ensino, a da ensinanza en contextos formais (ensino regrado), mais tamén “non formais” e “informais” (conceptos xa trasnoitados que, sen embargo, seguen a ser fortemente ilustrativos). A segunda: dende esa perspectiva, eu avogaría por un concepto amplo de “medio”, entendido dende unha visión aberta, flexible, complexa, ambiciosa, holística e universal. Un concepto que abranguería dende a prensa escrita e dixital, a radio ou televisión, ata os medios literarios e, por suposto, os medios didácticos, os materiais curriculares en formato impreso ou dixital que son empregados nas nosas escolas para vehicular coñecementos ós cativos/as. Todos eles, todo ese conxunto de “instrumentos comunicativos”, poderían constituírse e erixirse, ó meu entender, en ferramentas de información, sensibilización, concienciación, difusión, reivindicación, mesmo de loita (se se quere) e de transmisión, en definitiva, de concepcións realistas e axustadas respecto á realidade da vellez. Entendo que iso sería o desexable. E, sen embargo, que nos amosa a realidade? Que se nos di respecto a esta temática dende o ámbito académico, ó que dalgún xeito represento? Como está o panorama das investigacións científicas en torno a esta cuestión?

Ó longo da miña humilde traxectoria, teño analizado con fondo interese e afondado con fruición no froito de múltiples investigacións ó redor desta temática particular. Téñome mergullado nos resultados de estudos sumamente dispares, non sempre coincidentes nas súas conclusións e ás veces mesmo contraditorios. E, non obstante -curiosamente- todos eles semellan coincidir de xeito maioritario en algo moi concreto: as imaxes mediáticas do envellecemento son sumamente heteroxéneas, calidoscópicas, ricas en matices que moitas veces se nos escapan; é dicir, a imaxe que da vellez transmiten os medios é poliédrica, non é única, senón decididamente diversa. Nembargantes tamén, eses mesmos estudos soen coincidir en denunciar unha imaxe que, lamentablemente, adoita ser optimizable, sesgada, estereotipada, ás veces cargada de prexuízos negativos respecto ó avellentamento...

Advirten, pois, os investigadores e investigadoras, que debemos ser plenamente críticos ante a preponderancia do valor da xuventude nos nosos días, e nos nosos medios. O novo, o áxil, o convencionalmente fermoso e louzán, eríxese como “deus supremo e todopoderoso”, que todo o goberna e todo o asoballa. Como consecuencia diso, o envellecemento é entendido tristemente como perda da que hai que fuxir e que se debe postergar o maior tempo posible. Mantéñense, reafirmanse e perpetúanse

actitudes sen dúbida baseadas nunha conceptualización errónea, terxiver-sada, fatalista, pesimista, paupérrima... do proceso de avellentamento. É entendido, segundo amosan -insisto, ás veces- moitos estudos, como pro-ceso de desgaste, decaemento xeneralizado, deterioro, involución, sufrim-ento, abandono, soidade, tristura, pasividade, dependencia... E trátase de concepcións erróneas que non só afectan ás imaxes que nos medios se transmiten deste colectivo. Nin moito menos. Os medios reflicten e re-producen as concepcións sociais actuais sobre a vellez (cando menos, al-gunhas delas). Concepcións que -irremisible e indefectiblemente- afectan tamén ós procesos socio-relacionais que se dan entre os distintos grupos de idade. Afectan ás dinámicas e actitudes interxeracionais. Afectan ós xeitos de pensar e de vivir de cativos, mozos, adultos e mesmo maiores. Transcenden, de modo palpable, evidente e taxible, o eido das meras representacións mediáticas, para pasar a asentarse como crenzas, ideas, concepcións e actitudes que condicionan, transforman e se instauran fir-memente no terreo da vida e as relacións humanas.

ALGUNHAS ALTERNATIVAS DE FUTURO

Así as cousas, ante este incerto panorama, cabería preguntarse: co-mo rachar co discurso dominante? Cales serían as funcións que deberían asumir entón os medios? Que visión debería ofrecerse da vellez, respec-tando os límites das opinións e da liberdade de produción intelectual, por suposto; mais facendo valer tamén certo código deontolóxico ou asumindo un compromiso real cun colectivo que está a perder o recoñe-cemento que merece? Como deberían "axudar a envellecer" os medios? Como poden impulsar cambios de actitudes, e mesmo xeitos de vida, entre as novas xeracións?

A resposta quizais radicaría en limitarse a amosar a realidade tal cal é, do modo máis fidedigno, veraz e obxectivo posible: sen dulcificala falsamente, mais tampouco denigrala con fins amarillistas, comerciais e sensacionalistas. Coido que habería que rexerse polo respecto e o au-téntico compromiso profesional e social; pois, como denuncian dende diferentes asociacións, hoxe en día bótase en falta -salvo loables e dig-nas excepcións, dende logo- unha participación máis activa e continua-da dos maiores nos medios, máis aló de conformarse con actuar de pú-blico en programas televisivos de dubidoso interese cultural, ou coma tristes protagonistas das seccións de sucesos.

E velaquí un gran dilema que eu me formule: como atopar o equilibrio entre esa estereotipación degradante da vellez, esa transmisión de nefas-tas imaxes prexuzosas respecto dos maiores nos medios, por unha parte; e a dende logo tamén rexeitable idealización absurda, infantilizadora, fal-samente afagadora ou condescendente desta etapa da vida (idealización

que, por outra parte, pode resultar igualmente insultante, indignante e inxusta para os propios maiores). Ámbolos dous polos (estereotipación vs. idealización) son, ó meu xuízo, negativos e non axudan a construír unha imaxe realista e revalorizadora da derradeira etapa da vida.

Nese sentido, entendo particularmente que a vellez é unha fase máis do ciclo vital, nin mellor nin peor que calquera outra, que abrangue tódalas dimensións da persoa e é o resultado da interacción de diversos procesos (biolóxicos, psicolóxicos e sociais). En todo caso, coido que non debemos denigrar, desprezar, subestimar ou infravalorar esta etapa da vida, pero tampouco magnificala ou idealizala artificialmente cunha actitude paternalista, teatralizada, esaxerada, baleira... identificándoa cun cumio de bondades e sabedoría xeneralizables a todo aquel que a cada certa idade, neste caso os socialmente establecidos 65 anos como fronteira administrativa entre dous períodos vitais. Coido que un non se sublima (nin polo contrario, se envilece) sistematicamente ó cumprir certa idade, senón que todos rematamos sendo froito dunha traxectoria persoal e vital determinada, única, idiosincrática e intransferible, que pode ser máis ou menos enriquecedora pero que irá construíndo inexorablemente a nosa personalidade.

De aí que a imaxe que defendo dos maiores nos medios sexa aquela que se caracteriza pola naturalzade, o equilibrio, a normalización, a sensibilidade, a veracidade e o rigor científico e sociolóxico. É preciso, por suposto, denunciar situacións sociais insostibles que sofren os maiores nas nosas comunidades (procesos de desigualdade, exclusión ou abandono de calquera indole); mais tamén é necesario poñer de manifesto as posibilidades e incommensurables potencialidades dun colectivo tan amplo, como diversificado, poñendo o acento na necesidade de recoñecemento social das súas expectativas, demandas, ilusións, aspiracións...

E, dende ese marco específico (como non podía ser doutro xeito, en tanto que educadora), eu avogo moi especialmente pola necesidade da integración da vellez no curriculum escolar, no universo da educación. Avogo polo desenvolvemento de programas dirixidos a mudar as actitudes dos cativos e cativas cara os seus maiores. Avogo pola transmisión dun concepto realista e científico do avellentamento dende as idades máis temperás, dende tódolos niveis do ensino e tódalas áreas, dun xeito transversal. Pensemos, por exemplo, no deseño e implementación de experiencias educativas de utilización, análise e mesmo creación de prensa dende o marco das escolas -das que xa temos precedentes e testemuñas múltiples en Galicia-. Cales serían as súas posibilidades, sen dúbida calidoscópicas, diversas e ricas? Que imaxe do maior transmitirán eses cativos/as a través das súas propias producións? Podemos e debemos avogar por unha utilización dos medios como uns dos piares claves

para centrar as análises e reconceptualizacións dos rapaces, adolescentes e mozos respecto ós seus maiores? Poderá ser a análise crítica dos medios un sistema viable e estimulante que axude a espertar os espíritos críticos dos rapaces/as, das novas xeracións, respecto á situación, características e esencia do avellentamento na nosa sociedade?... E se ademais lle engadimos a compoñente vivencial, levando ós maiores ás aulas e fomentando experiencias interxeracionais na escola, seguindo as pegadas dalgunhas iniciativas que xa se están a desenvolver dende os nosos contextos territoriais e comunitarios máis próximos (e que, por exemplo, dende o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega xa estamos a impulsar)? Dende logo, atopámonos nun terreo indiscutiblemente fértil en posibilidades, un campo realmente prometedo, no que hai que seguir a traballar, movidos por un férreo compromiso coa educación do futuro e estimulados, alentados, impulsados e mesmo inspirados por unha incesante curiosidade intelectual e un fondo interese científico, sustentado nas máis arraigadas conviccións: traballar a prol dos maiores e das relacións interxeracionais harmónicas entre estes e as novas xeracións.

Nese senso, cumpriría mencionar asemade o labor que dende a Universidade se está a impulsar e desenvolver e que debería seguir a crecer e consolidarse aínda moito máis férrea e solidamente. Un labor de potenciación de experiencias dirixidas a espertar e fomentar a actitude crítica dos alumnos/as e dos propios maiores cara os medios. Falamos de experiencias que (maila que polo momento minoritarias e puntuais) virían a situarse na liña xa desenvolta dende a Facultade de Ciencias da Educación da USC, no seo da materia de Didáctica da Educación de Adultos, impartida polo profesor Xesús Rodríguez Rodríguez dentro do marco dos estudos de Educación Social. Este proxecto didáctico, galaradoado co I Premio de Innovación Educativa da USC, consistiu en propoñer ós alumnos e alumnas da devandita materia a creación de materiais didácticos e experiencias educativas dirixidas a persoas maiores. Nese contexto e baixo tales premisas, deseñáronse e puxéronse en práctica unha serie de iniciativas como a denominada “Os adultos ante os medios de comunicación”, coa que se pretendía incentivar unha actitude máis consciente e reflexiva cara os medios por parte dos maiores. Neste marco, tamén se desenvolveron todo un amplo abano de proxectos destinados a introducir ós maiores no universo das tecnoloxías da información e da comunicación. Experiencias que poñen de manifesto o poder das TIC neste remuíño de influencias mutuas que xorde ó redor dos medios e o avellentamento. Un poder que non podemos nin debemos obviar, pois pode ser vehículo de integración ou fonte de exclusión crecente; pode constituírse como gran aliada ou como incontestable inimiga...

Coido que tamén dende a Universidade e os centros de investigación do país, debería de seguir a analizarse a realidade dos medios respecto á vellez. Fan falla novos estudos, que actualicen a liña trazada por investigadores/as como Santamarina (2002), Bazo (1992), Fernández Ballesteros (1992) ou Vega e Bueno (1995), entre outros. Fai falla investir en indagación, pois se pretendemos ser rigorosos nas nosas demandas ou reivindicacións, deberemos sostelas en fundamentacións férreas, baseadas en argumentos e feitos contrastados, non en vacuas percepcións ou en análises superficiais, intuitivas, arbitrarias ou de escasa credibilidade.

Por outra banda, e como outra das grandes metas que coido deberiamos perseguir, creo necesario que xurdan proxectos, campañas e programas de sensibilización, información e formación dirixidas a defender, transmitir, estimular, arraigar, fortalecer e potenciar unha imaxe realista e axustada do avellentamento no conxunto da sociedade. Campañas e proxectos promovidos, auspiciados e impulsados enerxicamente dende as administracións públicas, os responsables dos medios, as asociacións de maiores e mozos -e mesmo, por que non?, de grupos interxeracionais, heteroxeneamente unidos a prol da consecución dun obxectivo común-. Campañas difundidas e apoiadas dende os centros educativos a través de tódolos niveis do ensino, asumindo a tarefa conxunta, o desafío. Proxectos que nazan ademais, necesaria e irrenunciabilmente, con firme vocación de continuidade, que aspiren a acadar unha clara permanencia no tempo, que se definan polo inconformismo e non se reduzan a un mero conxunto de experiencias puntuais e anecdóticas -malia que ben intencionadas-, senón que se caractericen pola constancia e a estabilidade máis férreas, nun xogo de permanente entrega, convicción, entusiasmo, talento e decisión. A iso coido que deberiamos aspirar.

E, nese sentido, penso que dignos de especial alusión e atención pola nosa parte serían aquí necesariamente -ó meu humilde entender- os maiores do rural: un amplo colectivo que se ve moitas veces relegado a un segundo plano (de desatención, esquecemento e illamento social, institucional e administrativo), por mor dos a miúdo imperantes procesos de centralización de recursos, dirixidos cara vilas e cidades. Precisamente cara eses maiores -en tanto que colectivo tantas veces esquecido polas administracións e privado de determinados servizos de carácter cultural, informativo, sociorrelacional, formativo, de ocio, etc.- deberiamos dirixir, se cabe con maior enerxía, compromiso e énfase, os nosos esforzos a prol da defensa da dignificación e revalorización dese grupo de idade, cargando as tintas dos medios cara a reivindicación dos seus dereitos ou ben dirixindo cara eles diversas estratexias de divulgación e información que poderían axudar, non tanto a suplir, mais si a aturar ou compensar dalgún xeito, as limitacións contextuais ás que deben facer fronte -no que á carencia de recursos e infraestruturas cultu-

rais se refire- no sempre esquecido e ás veces vapuleado medio rural galego. Os medios de comunicación e as nosas iniciativas particulares como profesionais, poderían erixirse quizais como ponte ou posible vía de apertura de olladas cara diferentes alternativas de ocio e formación deses maiores do rural, de aproveitamento produtivo do seu tempo de lecer, aportando dinamismo ás vidas dese admirable colectivo, na liña de propostas como as da asociación SIRIMIRI (2007), na que souberon aprender a responder ás demandas, expectativas, necesidades, intereses e ilusións dos máis lonxeiros da súa comunidade.

IDEAS FINAIS

Temos ante nós un enorme reto: revalorizar, redefinir, reconceptualizar e dignificar a realidade da vellez na nosa sociedade. Coido que este non é un desafío sinxelo, e que lle correspondería sen dúbida asumir a catro grandes protagonistas ou se basearía en catro piares, se se prefire:

- Medios de moi diversa índole, entidade e esencia (prensa escrita, dixital, radio, televisión, materiais didácticos e curriculares, medio literario, etc), que deberían mudar a imaxe, nivel de presenza e protagonismo da vellez nas súas páxinas, no seu seo.
- Universo académico e da investigación, para o que esta temática alberga e suscita un fondo e crecente interese científico, sendo preciso contar con estudos renovados e de fervente actualidade.
- Universo educativo, entendido dende a súa vertente “formal” (que abrangue as diferentes etapas do ensino regrado, dende os máis cativos ós máis mozos, pasando por adolescentes, ata chegar ós centros de educación de persoas adultas) onde a vellez debería ser integrada no curriculum, incorporando o respecto e revalorización interxeracional como tema transversal clave no ensino, nas nosas aulas; pero tamén dende o marco de acción das asociacións, ongs, grupos de voluntariado, centros lúdicos e didácticos de toda índole, centros cívicos, de maiores, xuvenís... (dende os que se debía potenciar a difusión de accións diversas dirixidas á transmisión de actitudes normalizadoras cara a vellez); ata chegar ó marco familiar e comunitario, potenciando relacións interxeracionais harmónicas e mutuamente enriquecedoras.
- Neste último senso, a sociedade no seu conxunto viría a erixirse como o macro-piar substancial, básico, da reconceptualización do envellecemento. Ela tamén debe asumir o reto e, dentro dela, como grupo máis específico e directamente afectado, situaríase o propio colectivo das persoas maiores. Os nosos vellos

e vellas deben esixir un trato digno, un nivel de presenza e representatividade nos medios aceptable, equitativo, xusto, igualitario, normalizado, así como unha imaxe realista, axustada, sensible e respectuosa da vellez; pero tamén han de ser esixentes consigo mesmos/as, asumindo o rol activo, dinámico, protagonista, neste proceso de reivindicación da presenza naturalizada da lonxevidade nos medios. E, nese senso, as asociacións, colectivos e grupos de maiores de calquera índole e entidade teñen un reto estimulante que asumir, un grande desafío, pois entendo que poderían liderar ese necesario proceso de “destrución” dos muros que ás veces se erixen en diferentes medios para impedir a visibilización deste colectivo, para evitar que se escoite a súa voz. Delas e deles, de todos nós, depende que a vellez sexa socialmente reconceptualizada e escoitada, nun proceso de co-responsabilización persoal, profesional e comunitaria sen precedentes. Nas nosa mans está.

Nesta liña, e xa finalmente, penso que neste Foro Internacional de Comunicación & Persoas Maiores, estaríamos a plantar o xermolo, e de nós depende en boa medida seguir a impulsar o crecemento deste camiño, polo de agora difuso, pero esperanzador, que se perfila no horizonte. Coido que cómpre recoñecer, difundir e potenciar o valor innegable deste tipo de iniciativas, que deberían ser sempre apoiadas e recibir o pulo que merecen. Espazos coma este Foro, supoñen pequenos-grandes grans de area que axudan a construír o futuro e a mudar concepcións, mentalidades, xeitos de pensar e mesmo de vivir. Coa convicción de que hai que conferir voz ós nosos maiores; abririlles portas cara a súa autorrealización persoal e social; e darlles o recoñecemento que merecen e lles corresponde por dereito. Parabéns sentidos, en definitiva, ós impulsores desta iniciativa.

BIBLIOGRAFÍA

- Bazo, Mª T. (1990). *La sociedad anciana*. Madrid: CIS.
- Bazo, Mª.T. (1992a). *La ancianidad del futuro*. Barcelona: Fund. Caja Madrid.
- Bazo, Mª T. (1992b). *La ancianidad a través de los/as jóvenes*. *Revista de Sociología Papers*, 40, 57-73.
- Bazo, Mª.T. (1995). *El reto del envejecimiento: una reflexión sociológica*. *Revista Española de Geriatría y Gerontología*, 30, 95-97.
- Fernández-Ballesteros, R. (1992). *Mitos y realidades sobre la vejez y la salud*. Barcelona: SG Editores.
- Fernández-Ballesteros, R. (1996). *Psicología del envejecimiento: crecimiento y declive*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.

- Fernández-Ballesteros, R. (1997). *Gerontología: un apunte conceptual*. *Revista Española de Geriatria y Gerontología*, 32 (2), 65-68.
- Fernández-Ballesteros, R. (dir.) (2000). *Gerontología Social*. Madrid: Pirámide.
- García Mínguez, J.E. e Sánchez García, A. (1998). *Un modelo de educación en los mayores: la interactividad*. Madrid: Dykinson.
- Santamarina, C. e outros (2002). *Percepciones sociales sobre las personas mayores*. Madrid: IMSERSO.
- SIRIMIRI (2007). *Reflexión acerca de la imagen de las personas mayores en los medios de comunicación*. *Revista Internacional de Xornalismo Social Comunicación e Cidadanía*, nº 4.
- Vega, J.L. e Bueno, B. (1995). *Desarrollo Adulto y Envejecimiento*. Madrid: Síntesis.
- Zapico Barbeito, M^a H. e Rodríguez Rodríguez, J. (2004). *Materiales didácticos para personas mayores*. *Cuadernos de Pedagogía*, 338, 39-43.
- Zapico Barbeito, M^a H. (2006a). *As persoas maiores nos materiais curriculares impresos de Galicia. Unha aproximación inicial*. Tesiña de Licenciatura. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Universidade de Santiago de Compostela.
- Zapico Barbeito, M^a H. (2006b). *Persoas maiores, materiais curriculares e escola. Análise da presenza da vellez nunha mostra de libros de texto de Galicia*. Traballo de Investigación Tutelado. Santiago de Compostela: Departamento de Didáctica e Organización Escolar.

•

M^a Helena Zapico Barbeito é Licenciada en Pedagogía, Diplomada en Educación Social e Experta en Xerontoloxía Social. Traballa como investigadora no Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está mergullada no desenvolvemento da súa Tese Doutoral, labor que compaxina coa participación en múltiples proxectos de investigación, a asunción de tarefas docentes de diversa índole, a publicación de artigos ou a presentación de comunicacións e ponencias no marco de congresos e eventos científicos de carácter nacional e internacional. E-mail: helenazb@usc.es